

## **Bases I Premios Costa da Morte Terra Atlántica**

A marca territorial “Costa da Morte Terra Atlántica”, impulsada polo GDR Costa da Morte, e co obxectivo de dar valor e recoñecemento aos proxectos empresariais da Costa da Morte máis innovadores, orixinais e comprometidos co territorio, convoca os “I Premios Costa da Morte Terra Atlántica”.

A organización dos premios corresponde ao Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte (GDR Costa da Morte), entidade impulsora da marca territorial “Costa da Morte Terra Atlántica”.

### **1. Participantes**

Poderán participar exclusivamente nos “I Premios Costa da Morte Terra Atlántica” aquelas empresas adheridas á marca Costa da Morte Terra Atlántica no momento da publicación destas bases.

### **2. Obxectivo e criterios de valoración**

Os premios teñen como finalidade recoñecer iniciativas empresariais destacadas polo seu compromiso coa identidade territorial da Costa da Morte, valorando especialmente:

- Innovación e orixinalidade do proxecto.
- Impacto positivo no territorio.
- Sostibilidade e responsabilidade empresarial.
- Uso e integración da marca Costa da Morte Terra Atlántica.
- Capacidade de promoción e difusión da identidade territorial.

### **3. Autoría e responsabilidade**

Toda empresa participante confirma que o proxecto presentado é propio e non infrinxe dereitos de terceiros, eximindo á organización de calquera responsabilidade legal derivada do contido achegado.

### **4. Categorías**

As iniciativas empresariais dividiranse nas seguintes categorías:

- a) Turismo
- b) Agroalimentación
- c) Cultura e Artesanía
- d) Industria e Servizos

### **5. Limitación de candidaturas**

Só se poderá presentar unha candidatura por empresa e categoría.

### **6. Prazo de inscrición**

A inscrición online das candidaturas estará aberta dende o 12 de xuño de 2026 ás 12:00 horas ata o 14 de xullo de 2026 ás 23:59 horas.

# **LEADER**

Desenvolvemento liderado polas comunidades locais

Asociación Costa da Morte-GDR  
CIF: G70180583

Edificio Servicios Múltiples, Rúa A Torre s/n; 15129 Vimianzo. Telf.: 981717358 / 678648065  
C.A.T. Lugar A Camposa s/n; 15111 Buño (Malpica de Bergantiños). Telf.: 608633222  
gdrcostadamorte@gdrcostadamorte.com

## 7. Presentación de candidaturas

Para participar na convocatoria, a empresa interesada deberá inscribirse a través do formulario online habilitado na páxina web oficial de Costa da Morte Terra Atlántica:

[terratlantica.gal](http://terratlantica.gal)

No formulario será necesario indicar:

- Categoría á que se presenta.
- Datos de contacto.
- Documento explicativo do proxecto e do uso da marca Costa da Morte Terra Atlántica.

De forma opcional, poderase achegar material gráfico complementario (fotografías ou vídeos) para facilitar unha valoración máis completa da candidatura.

## 8. Fases da campaña e cronograma

### Convocatoria – Xuño 2026

Publicación das bases, apertura das inscricións e lanzamento da campaña de comunicación a través da web, redes sociais e medios locais.

### Presentación de candidaturas – Ata o 14 de xullo de 2026

As empresas participantes deberán completar o formulario online e achegar a documentación correspondente.

### Selección de finalistas – Terceira semana de xullo de 2026

Unha comisión interna formada por representantes do GDR Costa da Morte e da Xunta Directiva seleccionará entre 3 e 5 finalistas por categoría, en base aos criterios establecidos nestas bases.

Os finalistas anunciaranse publicamente e realizaráselles unha sesión fotográfica para accións de comunicación e difusión.

### Votación pública online – Agosto 2026

A cidadanía poderá votar polos proxectos finalistas a través dun formulario dixital habilitado na páxina web oficial.

Cada usuario poderá emitir un único voto por categoría mediante correo electrónico válido. A organización poderá establecer mecanismos de verificación para garantir a autenticidade das votacións. A organización resérvase o dereito de invalidar votos fraudulentos, duplicados ou realizados mediante sistemas automatizados.

### Avaliación do xurado – Agosto 2026

O xurado profesional avaliará as candidaturas finalistas conforme aos criterios definidos nestas bases.

# LEADER

Desenvolvemento liderado polas comunidades locais

Asociación Costa da Morte-GDR  
CIF: G70180583

Edificio Servicios Múltiples, Rúa A Torre s/n; 15129 Vimianzo. Telf.: 981717358 / 678648065  
C.A.T. Lugar A Camposa s/n; 15111 Buño (Malpica de Bergantiños). Telf.: 608633222  
[gdrcostadamorte@gdrcostadamorte.com](mailto:gdrcostadamorte@gdrcostadamorte.com)

A puntuación final calcularase mediante a seguinte ponderación:

- 70 % valoración do xurado profesional.
- 30 % votación pública online.

### Gala de entrega de premios

A gala de entrega dos “I Premios Costa da Morte Terra Atlántica” celebrarase durante o último semestre de 2026. A data e o lugar definitivo serán comunicados pola organización con suficiente antelación ás empresas finalistas e ao público participante.

Durante o acto anunciaranse os proxectos gañadores e proxectaranse os materiais gráficos das empresas finalistas.

### **9. Xurado**

O xurado estará formado por unha selección de profesionais e persoas vinculadas ao territorio e aos sectores representados nas distintas categorías.

A súa decisión será firme e inapelable.

O xurado poderá declarar deserta calquera categoría se considera que as candidaturas non reúnen a calidade mínima requirida.

### **10. Premios**

Cada empresa gañadora recibirá:

- Un trofeo artesanal.
- Diploma acreditativo.
- Difusión nos medios e canles oficiais da marca.

Os premios non contarán con dotación económica.

### **11. Comunicación e dereitos de imaxe**

As empresas participantes aceptan a difusión pública das candidaturas presentadas nas redes sociais, páxina web e accións de comunicación vinculadas aos premios.

Así mesmo, autorizan á organización ao uso de fotografías, vídeos, logotipos e materiais gráficos achegados unicamente con fins promocionais e divulgativos relacionados coa marca “Costa da Morte Terra Atlántica” e os premios.

### **12. Protección de datos**

En cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados polo GDR Costa da Morte coa finalidade de xestionar a participación no certame, comunicacións relacionadas co mesmo e difusión pública dos resultados.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á entidade organizadora.

# LEADER

Desenvolvemento liderado polas comunidades locais

Asociación Costa da Morte-GDR  
CIF: G70180583

Edificio Servicios Múltiples, Rúa A Torre s/n; 15129 Vimianzo. Telf.: 981717358 / 678648065  
C.A.T. Lugar A Camposa s/n; 15111 Buño (Malpica de Bergantiños). Telf.: 608633222  
gdrcostadamorte@gdrcostadamorte.com

### 13. Facultades da organización

A organización resérvase o dereito de:

- Modificar as presentes bases por causa xustificada.
- Resolver calquera situación non prevista nestas bases.
- Cancelar, suspender ou modificar o certame por causas de forza maior ou incidencias organizativas ou técnicas que imposibiliten o seu correcto desenvolvemento.
- Descalificar candidaturas que incumpran estas bases ou acheguen información falsa.

### 14. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das presentes bases por parte das empresas participantes